



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL


Marzo 2024

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2024

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web: <http://www.ige.eu>

Índice de producción industrial (IPI). Marzo 2024

- O Índice de producción industrial (IPI) de Galicia, rexistrou en marzo de 2024 unha caída do 4,5% con respecto a marzo de 2023; en España o retroceso foi do 11,3%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo diminuíron un 0,8%, os bens intermedios un 12,1% e os bens de equipo un 26,9%. Pola súa parte a enerxía medrou un 31,8%.
- Por ramas de actividade as achegas positivas mais destacables corresponden a: "producción de enerxía eléctrica" que achega 6,0 puntos e a "fabricación de bebidas" que suma 1,1 puntos a taxa interanual.
- No que respecta ás repercusións negativas, as principais foron: "fabricación de vehículos de motor" que resta 6,1 puntos e "fabricación de produtos metálicos" que resta 1,9 puntos á taxa interanual.



1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) de Galicia rexistrou en marzo de 2024 unha caída do 4,5% con respecto a marzo de 2023; en España o índice diminuíu o 11,3%.

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan un descenso do 0,8%, e restan 0,2 puntos a taxa interanual.
- Os **bens de equipo** rexistran unha taxa do -26,9%, o que detrae 8,7 puntos á taxa interanual.
- Os **bens intermedios** diminúen un 12,1%, cunha repercusión negativa de 2,8 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que crece un 31,8% e engade 7,2 puntos á taxa de variación interanual do conxunto.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen na variación interanual do índice xeral.

Atendendo ás distintas ramas industriais, o descenso interanual en marzo do 4,5% débese principalmente á achega negativa (-13,6 puntos) de dezoito ramas; as principais foron: a "fabricación de vehículos de motor" que resta 6,1 puntos, a "fabricación de produtos metálicos", cunha repercusión de -1,9 puntos e a "industria da alimentación" que resta 1,2 puntos a taxa interanual.


No que respecta ás repercusións positivas (9,1 puntos) de oito ramas, as principais foron: a "producción de enerxía eléctrica" que achega 6,0 puntos e a "fabricación de bebidas" que suma 1,1 puntos á taxa interanual.

3. Índices por comunidades autónomas

O IPI diminuíu en todas as Comunidades Autónomas neste mes de marzo. Os maiores descensox rexistráronse en Comunitat Valenciana (-18,6%) e Cantabria (-18,0%). As comunidades con menores caídas foron Castilla y León (-1,1%) e Galicia (-4,5%).


IPI Marzo 2024

Taxas de variación interanual en %



4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa JDemetra.



Notas metodológicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C, D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a aproximadamente 11.500 establecementos en España.

Anexo cadros

Cadro 1.- Índice de producción industrial. Marzo 2024

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)		REPERCUSIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia					
Xeral	102,8	-4,5	-0,7	--	--
Bens de consumo	130,4	-0,8	6,3	-0,2	1,3
Bens de equipo	89,5	-26,9	-10,7	-8,7	-3,2
Bens intermedios	85,7	-12,1	-1,7	-2,8	-0,4
Energía	102,0	31,8	5,8	7,2	1,6
España					
Xeral	101,5	-11,3	-1,5	--	--
Bens de consumo	102,2	-9,3	0,0	-2,3	0,0
Bens de equipo	108,8	-15,6	-1,9	-3,9	-0,5
Bens intermedios	97,8	-12,0	-2,1	-3,9	-0,7
Energía	98,6	-7,0	-2,1	-1,2	-0,4

Fonte:INE

Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Marzo 2024

Ramas	VARIACIONES (%)				Ponderacións
	Interanual	Repercusión	No que vai de ano	Repercusión	
Total	-4,5		-0,7		
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	29,7	6,0	4,6	1,1	19,4
Fabricación de bebidas	28,6	1,1	29,8	1,1	3,8
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	3,3	0,1	7,5	0,2	2,8
Fabricación de material e equipamento eléctrico	13,0	0,1	8,2	0,0	0,5
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixaxes	2,7	0,1	0,6	0,0	5,1
Industria do papel	4,4	0,0	8,5	0,1	1,2
Industria química	-1,8	0,0	-3,7	-0,1	1,9
Fabricación de mobles	-5,1	-0,1	4,3	0,1	1,3
Industria téxtil	-14,5	-0,1	-0,9	0,0	0,8
Outras industrias extractivas	-9,7	-0,1	31,8	0,3	1,1
Fabricación doutro material de transporte	-8,9	-0,2	15,7	0,3	1,9
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	-30,0	-0,2	-15,9	-0,1	1,0
Outras industrias manufactureiras	-28,4	-0,2	-3,4	0,0	0,7
Confección de roupa de vestir	-9,9	-0,2	-2,6	-0,1	1,8
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	-44,1	-0,3	-14,9	-0,1	0,8
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	-22,9	-0,6	-8,7	-0,2	2,3
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	-18,9	-0,6	-8,0	-0,2	3,2
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	-18,5	-0,9	-4,5	-0,2	4,6
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	-17,9	-0,9	-0,8	0,0	4,8
Industria da alimentación	-9,0	-1,2	-0,7	-0,1	14,9
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	-21,7	-1,9	-15,4	-1,3	8,6
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	-38,4	-6,1	-16,2	-2,5	13,3
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*

Fonte:INE

(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Marzo 2024

CCAA	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
España	101,5	-11,3	-1,5
Galicia	102,8	-4,5	-0,7
Andalucía	94,3	-12,7	-3,1
Aragón	109,2	-10,1	-0,5
Asturias	90,9	-12,3	-7,3
Baleares (Illes)	98,8	-14,8	-7,7
Canarias	112,6	-4,8	2,3
Cantabria	93,8	-18,0	-6,4
Castilla - La Mancha	100,8	-13,6	-2,4
Castilla y León	112,9	-1,1	2,7
Cataluña	106,0	-7,0	2,9
Comunitat Valenciana	96,1	-18,6	-5,8
Extremadura	91,3	-17,5	-2,6
Madrid	103,6	-15,9	-3,7
Murcia	89,1	-13,1	-0,6
Navarra	97,6	-13,1	-0,9
País Vasco	101,0	-14,6	-4,8
Rioja (La)	91,0	-16,9	-7,9

Fonte: INE